

RESOLUCIÓN DE 27 DE DECEMBRO DE 2022 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, DEFINITIVA DE BAREMACIÓN, NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 16 DE SETEMBRO DE 2022, NO ÁMBITO DO HOSPITAL PÚBLICO DE CEE

Mediante a Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee (DOG nº 188 do 3 de outubro de 2022) convocouse procedemento de mobilidade voluntaria interna para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Hospital Público de Cee.

Despois da publicación da resolución provisional de baremación, das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos con data 19 de decembro de 2022, e unha vez rematado o prazo de reclamacións establecido na convocatoria, esta Xerencia de Área,

RESOLVE:

Primeiro: Publicar as puntuacións definitivas de baremación, no devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna, correspondentes ás seguintes categorías:

- Enfermeiro/a
- Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería
- Fisioterapeuta
- Grupo auxiliar da función administrativa

Segundo: Darlle publicidade ás listaxes definitivas de baremación das categorías relacionadas, a través do taboleiro de anuncios do Hospital Público de Cee/páxina Web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

A baremación definitiva tamén será visible no Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos-Mobilidade voluntaria interna, de cada aspirante.

Terceiro: Convocar aos/ás aspirantes das categorías relacionadas no apartado primeiro ao acto de elección de prazas.

As persoas aspirantes serán chamadas por rigorosa orde de puntuación, para escoller entre as prazas ofertadas que queden vacantes no momento no que deban exercitar o seu dereito de opción, o día 10 de xaneiro de 2023 as 11:00 horas.

Lugar: Salón de actos do Hospital público de Cee.

Cando exista imposibilidade de acudir ao acto de elección, poderase subscribir un apoderamento, no que asinará a persoa que elixe praza e a persoa apoderada, achegando fotocopia do DNI. Dito apoderamento solicitarase no departamento de RR.HH. do Hospital.

No acto de elección é necesario a identificación mediante DNI. Os profesionais asinarán, no propio acto, o documento acreditativo da súa elección.

Cuarto: Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partires do día seguinte ao da súa publicación nos termos dos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 27 de decembro de 2022


O XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE
 SERVIZO GALEGO de SAÚDE | Área Sanitaria da Coruña e Cee
XERENCIA

Asdo.: Luis Verde Remeseiro

Listaxe de baremación definitiva na mobilidade interna do HOSPITAL PÚBLICO DE CEE
(Resolución de 16 de setembro de 2022)

categoria	nombre	ipf	galego	formacion	experiencia	total	posición
TCAE	CAMPOS VILELA, SARA MARIA	327****3M	6,000	24,000	289,080	319,080	1